# RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 9 DE DECEMBRO DE 2022 POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DE PAS FUNCIONARIO EN COMISIÓN DE SERVIZOS DE CARÁCTER VOLUNTARIO

Mediante a Resolución da Xerencia do 2 de xullo de 2018 ditáronse instrucións para a cobertura temporal de postos de traballo de PAS funcionario en comisión de servizos. Tras a aprobación da RR do 4 de novembro de 2021 pola que se fai pública a relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos, é necesario modificar a instrución para a cobertura temporal de postos de traballo do persoal de administración e servizos (PAS) funcionario en comisión de servizos, por vacante ou por ausencia da persoa titular do posto.

Debido á introdución de novas modalidades de prestación de servizos como o teletraballo ou o sistema de rexistro e flexibilidade horaria do PAS na Universidade da Coruña, é preciso revisar e adaptar a instrución de cobertura temporal de postos de traballo en comisión de servizos.

Lexislación aplicable: artigos 96 e 100 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG).

Despois da negociación coa Xunta de Persoal, esta xerencia, de conformidade coas atribucións delegadas polo texto consolidado da Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020,

RESOLVE

PRIMEIRO. As comisións de servizos terán unha duración máxima dun ano e poderán prorrogarse por outro máis no caso de non se cubrir o posto con carácter definitivo, de acordo co artigo 96.1 da LEPG.

1.1. No suposto de que, transcorridos dous anos, o posto siga vacante, a persoa funcionaria que o ocupa en comisión de servizos cesará e poderase conceder, conforme os criterios establecidos nesta resolución, unha nova comisión, no caso de que persista a urxente e inaprazable necesidade da súa cobertura.

1.2. As comisións de servizo finalizarán, de ser o caso, por algunha das seguintes causas:

a) pola provisión definitiva do posto
b) pola reincorporación do/da titular do posto se estivese suxeito a reserva legal
c) polo transcurso do prazo máximo de duración
d) por renuncia do persoal comisionado
e) por revogación

1.3. As persoas que renuncien a un posto a que accederan en comisión de servizos non poderán solicitar unha nova ata transcorridos dous anos desde a efectividade da renuncia. Non se entende por renuncia a non aceptación da prórroga.

1.4. O posto de traballo vacante cuberto en comisión de servizos será incluído necesariamente na seguinte convocatoria de concurso de traslados. Unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a convocatoria dun concurso de méritos e mentres non se resolva, prorrogarase a comisión de servizos ata a dita data.



| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 1/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIXINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 1 de un total de 24 página(s).

SEGUNDO. Nos baremos dos concursos para a provisión de postos vacantes non se valorará o feito de ocupar unha praza en comisión de servizos. En todo caso, este tempo valorarase como desempeñado no posto que se posúa con carácter definitivo.

As prazas vacantes ocupadas en comisión de servizos serán ofertadas no seguinte concurso de méritos que se produza.

TERCEIRO. A cobertura dun posto en comisión de servizos iniciarase mediante unha solicitude debidamente motivada da persoa responsable do servizo/unidade/centro, dirixida ao xerente, ou de oficio pola Xerencia. En calquera caso, será a Xerencia a que, tras o informe favorable da Xunta de Persoal, resolverá sobre a súa concesión. Dado o carácter urxente da cobertura dun posto en comisión de servizos, o informe da Xunta de Persoal deberase emitir nun prazo máximo de dous días hábiles.

A necesidade ou a oportunidade da cobertura dun posto en comisión de servizos poderá ser determinada pola Xerencia.

CUARTO. Unicamente se poderá nomear en comisión de servizos voluntaria o persoal funcionario de carreira que reúna os requisitos que esixa o posto para a súa cobertura, conforme ao establecido na RPT vixente.

QUINTO. As comisións de servizos concederanse sempre para postos de nivel superior, ben do complemento de destino ou do complemento específico, ao que ocupa o funcionario/a designado/a, excepto nos casos previstos no punto décimo desta resolución para comisións de servizo por cambio de quenda ou campus.

SEXTO. A cobertura de postos en comisión realizarase nos casos establecidos no artigo 96.1 da LEPG.

Faráselle a oferta ao persoal funcionario que ocupe con carácter definitivo postos do servizo/unidade/centro. A cobertura realizarase segundo a orde prelación e os criterios de carreira administrativa que figuran nos apartados que seguen.

SÉTIMO. Para os nomeamentos en comisión de servizos de postos seguirase a orde de prelación e os criterios de carreira administrativa que se describen a continuación:

7.1. Orde de prelación dos postos (anexo I)

Para o nomeamento en comisión de servizos atenderase en primeiro lugar á orde de prelación establecida no anexo I.

7.2. Criterios de carreira administrativa

Os criterios de carreira administrativa empregaranse no caso de que dúas ou máis persoas




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 2/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 2 de un total de 24 página(s).

(seleccionadas na orde de prelación) cumpran os requisitos para optar a cada un dos postos. Para os efectos de designar a quen lle corresponde, sempre se seguirá coa seguinte orde:

1. subgrupo máis alto
2. maior antigüidade desde o último nomeamento no servizo/unidade/centro (independentemente dos nomeamentos forzosos derivados da RPT)
3. grao consolidado máis alto
4. maior antigüidade na Administración
5. a letra que marque a orde de actuación nos procesos selectivos da Administración do Estado para o ano en curso.

OITAVO. No caso de non se poder cubrir un posto con persoal do propio servizo/unidade/centro, faráselle unha oferta de carácter xeral ao resto do persoal funcionario que ocupe con carácter definitivo postos do resto de servizos/unidades/centros, de acordo co anexo II. Tras a correspondente oferta da Universidade da Coruña, acordarase o nomeamento seguindo a orde de prelación e os criterios de carreira administrativa entre persoas. A persoa seleccionada disporá de tres días hábiles para aceptar ou rexeitar a comisión de servizos ofertada. O persoal que solicite participar nesta oferta constituirá unha listaxe ordenada que terá unha vixencia de seis meses desde a convocatoria para os efectos de cubrir esa praza de novo, se for necesario.

NOVENO. Postos con forma de provisión por concurso específico.

Para aqueles postos que, de acordo coa RPT, tivesen como forma de provisión o concurso específico, seguirase o seguinte procedemento:

9.1. Prazas vacantes

A provisión daquelas prazas que a RPT defina co sistema de provisión de concurso específico e que resulten vacantes deberase realizar a través da respectiva convocatoria de concurso específico. Estas prazas so se poderán cubrir en comisión de servizos durante o proceso de provisión e a súa duración non poderá superar o prazo máximo legal de duración da comisión de servizos.

9.2. Outras prazas

Para a provisión de prazas non vacantes, pero que precisen unha cobertura urxente e inaprazable, aplicarase o que establece o punto sétimo desta normativa. Ofertaranse en primeiro lugar dentro do servizo/unidade/centro e, de non se poder cubrir dentro do servizo/unidade/centro, realizarase unha oferta xeral ao resto do persoal, de acordo co anexo II.

DÉCIMO. Comisións de servizo por cambio de campus/quenda no mesmo nivel

Excepcionalmente, poderá optar ás comisións de servizo, persoal do mesmo nivel ao da comisión ofertada, no caso que implique un cambio de quenda ou cambio de campus, sempre



| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 3/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 3 de un total de 24 página(s).

e cando non se puidesen cubrir no propio servizo/unidade/centro.

O persoal interesado presentaralle por escrito a súa solicitude ao xerente, que resolverá sobre a súa procedencia e oportunidade. No suposto de haber varios/as candidatos/as, adxudicarase atendendo aos criterios establecidos ao longo desta instrución.

Para os efectos desta instrución, os campus serán con carácter xeral, A Coruña e Ferrol; só no caso de vacante (é dicir, sen reserva do posto a persoa funcionaria ningunha) e para a persoa que se inscriba na listaxe que se elaborará no Servizo de PAS, os ámbitos serán cinco: Elviña-A Zapateira, Riazor-A Mestranza, Oza, Oleiros e Ferrol.

DÉCIMO PRIMEIRO.-Nas situacións que se describen a continuación, actuarase do seguinte xeito:

a) Cando a persoa traballadora a quen lle corresponda a comisión de servizos voluntaria de acordo co procedemento e cos criterios establecidos nesta instrución, estea gozando das vacacións, comunicaráselle á persoa responsable do servizo/unidade/centro que solicitou a cobertura.

- Se o responsable do servizo/unidade/centro considera que a cobertura pode esperar ao remate das vacacións da persoa traballadora, contactarase con esta polo medio máis áxil posible para concretar se acepta ou non. Se acepta o nomeamento, este realizarase logo do remate das vacacións que xa ten iniciadas no posto en propiedade. De non aceptar, ou non ser posible a súa localización nos tres días seguintes á comunicación do responsable, seguirase a orde que en cada caso corresponda de acordo con esta instrución.
- Se o/a responsable do servizo/unidade/centro solicita a cobertura con carácter de urxencia do posto, contactarase coa persoa traballadora polo medio máis áxil posible para concretar se acepta ou non e esta interromperá as vacacións iniciadas para posibilitar o nomeamento. De non aceptar ou non ser posible a súa localización nos tres días seguintes á comunicación do/a responsable, seguirase a orde que en cada caso corresponda de acordo con esta instrución. A urxencia que o/a responsable deberá comunicar ao Servizo de PAS fundamentarase nas necesidades do servizo/unidade/centro. A persoa traballadora que interrompeu as vacacións poderá continuar a gozar delas cando as necesidades do servizo llo permitan.

b) Cando a persoa traballadora se atope en situación de incapacidade temporal, non poderá acceder á comisión de servizos.

DÉCIMO SEGUNDO. Outros supostos:

Excepcionalmente, e de xeito motivado, sempre que exista un informe favorable da Xunta de Persoal, poderanse conceder comisións de servizo que non atendan integramente aos procedementos ou criterios anteriormente descritos.

a) Como consecuencia da modificación operada polo artigo 6 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017), o artigo 96.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, recolle un segundo parágrafo no punto dous en que se establece:



| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 4/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 4 de un total de 24 página(s).

En todo caso, para o desempeño dun posto de traballo en comisión de servizos voluntaria, o persoal funcionario deberá pertencer ao corpo ou escala e reunir os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

Non obstante, para a consecución da eficacia na prestación dos servizos e a eficiencia dos recursos humanos dispoñibles, o persoal funcionario de carreira poderá ocupar, con carácter temporal, mediante comisión de servizos voluntaria, un posto de traballo correspondente a unha escala de administración xeral ou especial sempre que posúa a titulación requirida para o acceso á escala correspondente ao posto de traballo e pertenza ao mesmo grupo ou subgrupo de clasificación. En todo caso, outorgarase prioridade ao persoal funcionario de carreira que pertenza á mesma escala do posto que sexa obxecto de cobertura.

b) Traslado voluntario a sectores prioritarios de actividade pública con necesidades específicas de efectivos (artigo 100 LEPG)

1. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei, no marco da planificación xeral dos seus recursos humanos, e sen prexuízo do dereito do persoal funcionario de carreira á mobilidade, poderán trasladar motivadamente este persoal a órganos, unidades administrativas ou entidades públicas instrumentais distintas aos do seu destino cando consideren que existen sectores prioritarios da actividade pública con necesidades específicas de efectivos.
2. O traslado regulado neste artigo, de carácter voluntario, levarase a cabo mediante comisión de servizos, que terá unha duración dun ano, prorrogable excepcionalmente por outro no caso de que se manteñan as necesidades de servizo ou funcionais.
3. Ao persoal funcionario trasladado seralle atribuído ben un posto de traballo, distinto ao de orixe, para o que reúna os requisitos establecidos na relación de postos de traballo, ben funcións ou tarefas propias da súa clasificación profesional que, por motivos de maior volume de traballo ou conxunturais, non poidan ser atendidas con suficiencia polo persoal que preste servizos no órgano, na unidade administrativa ou na entidade pública instrumental á cal se produza o traslado.

DÉCIMO TERCEIRO. Persoal funcionario con autorización para prestación de servizos en modalidade de teletraballo e prestación de servizos en flexibilidade automática.

O cambio de posto de traballo por concesión dunha comisión de servizos implicará ter en conta as características do novo posto para prestar os servizos en teletraballo ou a flexibilidade. A resolución de nomeamento das persoas funcionarias seleccionadas para a comisión de servizos voluntaria advertirá da necesidade de solicitar estes dous requisitos.

a) Persoal funcionario con prestación de servizos en modalidade de teletraballo: no caso de cambio de posto de traballo por concesión de comisión de servizos voluntaria ao abeiro desta resolución, deberá respectarase o contido do ACORDO SOBRE A PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 5/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 5 de un total de 24 página(s).

MODALIDADE DE TELETRABALLO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

b) Persoal funcionario con prestación de servizos en flexibilidade automática: no caso de cambio de posto de traballo por concesión de comisión de servizos voluntaria ao abeiro desta resolución, deberá respectarse o contido da RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE REGULA O SISTEMA DE REXISTRO E FLEXIBILIDADE HORARIA DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UDC.

A presente resolución non será de aplicación para a cobertura en comisión de servizos de postos de libre designación e persoal eventual así catalogados na RPT da Universidade da Coruña. Igualmente, non será de aplicación para as comisións de servizos concedidas ao abeiro de acordos de mobilidade do persoal asinados entre a Universidade da Coruña e as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo. As comisións de servizo de carácter forzoso rexeranse segundo a LEPG.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte da súa publicación na sede electrónica da UDC.

Asinado dixitalmente na Coruña,

O xerente,

Ramón del Valle López



Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 6 de un total de 24 página(s).



| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 6/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 7 de un total de 24 página(s).



# ANEXO I

## ORDE DE PRELACIÓN DE POSTOS

| ESCALA XERAL | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRELACIÓN | POSTO | N.C. destino | C. específico | Provisión | Subgrupo | Escalas | Subescalas |
| 1 | Xefatura de servizo | 28 | 29 | CE | A1/A2 | Escala xeral | |
| 2 | Xefatura de sección | 25 | 26 | C | A1/A2/C1 | Escala xeral | |
| 2 | Administrador/a de Centros e Servizos Externos | 25 | 25 | C | A1/A2/C1 | Escala xeral/escala técnica | |
| 2 | Administrador/a | 25 | 25 | C | A1/A2/C1 | Escala xeral | |
| 2 | Administrador/a de Asuntos Económicos e Residencias Universitarias | 25 | 25 | C | A1/A2/C1 | Escala xeral | |
| 3 | Xefatura de negociado | 21 | 21 | C | A2/C1 | Escala xeral | |
| 3 | Técnico/a Relación Laborais e Acción Social | 21 | 21 | C | A1/A2/C1 | Escala xeral/escala técnica | |
| 3 | Técnico/a en Actividades Institucionais | 19 | 19 | C | A2/B/C1 | Escala xeral/escala técnica | |
| 3 | Secretario de dirección /decanato | 19 | 19 | C | A2/C1/C2 | Escala xeral | |
| 4 | Secretario/a administrativo | 18 | 19 | C | A2/C1/C2 | Escala xeral | |
| 4 | Secretario/a administrativo | 18 | 18 | C | C1/C2 | Escala xeral | |
| 4 | Secretario/a de instituto universitario | 18 | 19 | C | C1/C2 | Escala xeral | |
| 4 | Posto base de Relacións Internacionais | 16 | 19 | C | C1/C2 | Escala xeral | |




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 7/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | Posto base | 16 | 17 | C | C1/C2 | Escala xeral | |



| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 8/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 8 de 24 página(s).

| ESCALA BIBLIOTECAS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRELACIÓN | POSTO | N.C. destino | C. específico | Provisión | Subgrupo | Escalas | Subescalas |
| 1 | Xefatura de servizo | 28 | 29 | CE | A1/A2 | Facultativo /axudante | |
| 2 | Xefatura de sección | 25 | 26 | C | A1/A2 | Facultativo /axudante | |
| 2 | Director/a de biblioteca | 25 | 25 | C | A1/A2 | Facultativo /axudante | |
| 3 | Técnico/a arquivo | 21 | 21 | C | A1/A2 | Facultativo /axudante | |
| 3 | Bibliotecario/a | 21 | 21 | C | A1/A2 | Facultativo /axudante | |
| 4 | Auxiliar tecnico de biblioteca | 18 | 19 | C | A2/C1 | Axudante /auxiliar | |

| ESCALA TÉCNICA DE CALIDADE | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRELACIÓN | POSTO | N.C. destino | C. específico | Provisión | Subgrupo | Escalas | Subescalas |
| 1 | Xefatura de unidade<br>Técnica de Calidade | 25 | 26 | C | A1/A2 | Escala técnica | Calidade |
| 2 | Técnico/a en Calidade | 24 | 25 | C | A1/A2 | Escala técnica | Calidade |




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 9/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 9 de un total de 24 página(s).

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | Técnico/a da UTC | 19 | 19 | C | A2/B/C1 | Escala técnica | Calidade |



| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 10/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 10 de un total de 24 página(s).

| ESCALA TÉCNICA DE INFORMÁTICA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRELACIÓN | POSTO | N.C. destino | C. específico | Provisión | Subgrupo | Escalas | Subescalas |
| 1 | Xefatura de área | 27 | 28A | CE | A1/A2 | Escala técnica | Informática |
| 2 | Coordinador/a | 25 | 26 | CE | A1/A2 | Escala técnica | Informática |
| 3 | Analista | 24 | 25 | C | A1/A2 | Escala técnica | Informática |
| 4 | Analista-programador/a | 22 | 22 | C | A1/A2 | Escala técnica | Informática |
| 5 | Técnico/a informático/a | 19 | 19 | C | A2/B/C1 | Escala técnica | Informática |

| ESCALA TÉCNICA DE CONSERXARÍA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRELACIÓN | POSTO | N.C. destino | C. específico | Provisión | Subgrupo | Escalas | Subescalas |
| 1 | Conserxe | 16 | 17 | C | C1/C2 | Escala técnica | Conserxe |
| 2 | Auxiliar de servizos | 14 | 16 | C | C2/E-AP | Escala técnica | Auxiliar de servizos |
| 2 | Vixiante | 14 | 16 | C | C2/E-AP | Escala técnica | Vixiante |




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 11/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 11 de un total de 24 página(s).

| ESCALA TÉCNICA DE DEPORTES | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRELACIÓN | POSTO | N.C. destino | C. específico | Provisión | Subgrupo | Escalas | Subescalas |
| 1 | Técnico/a coordinador/a na Área de Deportes | 25 | 26 | C | A1/A2 | Escala técnica | Deportes |
| 2 | Técnico/a en Deportes | 24 | 25 | C | A1/A2 | Escala técnica | Deportes |

| ESCALA TÉCNICA DISTRIBUCIÓN E CORREOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRELACIÓN | POSTO | N.C. destino | C. específico | Provisión | Subgrupo | Escalas | Subescalas |
| 1 | Xefatura de Servizo de Distribución e Transporte | 21 | 21A | CE | A2/C1 | Escala técnica | Distribución de correos |
| 2 | Condutor/a | 16 | 16A | C | C1/C2 | Escala técnica | Condutor |
| 3 | Especialista de correos | 16 | 16 | C | C1/C2 | Escala técnica | Correos |



| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 12/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 12 de 24 página(s).

| ESCALA TÉCNICA MANTEMENTOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRELACIÓN | POSTO | N.C. destino | C. específico | Provisión | Subgrupo | Escalas | Subescalas |
| 1 | Enxeñeiro/a instalacións enerxía | 24 | 25 | C | A1/A2 | Escala técnica | Mantementos |
| 2 | Técnico/a instalacións enerxía | 19 | 19 | C | A2/B/C1 | Escala técnica | Mantementos |
| 3 | Especialista de oficios | 16 | 16 | C | C1/C2 | Escala técnica | Mantementos |

| ESCALA TÉCNICA PRL | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRELACIÓN | POSTO | N.C. destino | C. específico | Provisión | Subgrupo | Escalas | Subescalas |
| 1 | Xefatura de servizo de Prevención de Riscos Laborais | 28 | 29 | CE | A1/A2 | Escala técnica | Prevención de Riscos Laborais |
| 2 | Técnico/a en Prevención de Riscos Laborais | 21 | 21 | C | A1/A2 | Escala técnica | Prevención de Riscos Laborais |



| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 13/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 13 de un total de 24 página(s).

| ESCALA TECNICA RELACIÓNS INTERNACIONAIS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRELACIÓN | POSTO | N.C. destino | C. específico | Provisión | Subgrupo | Escalas | Subescalas |
| 1 | Técnico/a en Relacións Internacionais | 24 | 26 | C | A1/A2 | Escala xeral/Escala técnica | Relacións internacionais |
| 2 | Técnico/a en Relacións Internacionais | 21 | 21 | C | A1/A2 | Escala xeral/Escala técnica | Relacións internacionais |

| ESCALA TÉCNICA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRELACIÓN | POSTO | N.C. destino | C. específico | Provisión | Subgrupo | Escalas | Subescalas |
| 1 | Técnico/a coordinador/a en Normalización Lingüística | 24 | 25 | C | A1/A2 | Escala técnica | Normalización Lingüística |
| 2 | Técnico/a de Normalización Lingüística | 21 | 21 | C | A1/A2 | Escala técnica | Normalización Lingüística |



| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 14/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 14 de un total de 24 página(s).

# ANEXO II

## SERVIZOS/UNIDADES/CENTROS

PARA OS EFECTOS DA INSTRUCIÓN PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DE PAS FUNCIONARIO EN COMISIÓN DE SERVIZOS

1. As unidades están definidas en función da RPT vixente. No caso de se aprobar algunha modificación desta, a listaxe de unidades será actualizada conforme a esa modificación.

2. As secretarías de dirección dos centros, para os efectos desta resolución, considéranse incluídas nas *administracións* ou nas *UXAI* dos centros e, no caso de Ferrol, na Unidade *Administración*.

3. O ámbito da oferta da comisión de servizos será, en primeiro lugar, o servizo/unidade/centro en que se atopa o posto que se oferta en comisión de servizos; no caso de non ser ocupado nese ámbito, ofertaráselle ao centro directivo de que dependen estas unidades e, por último, ofertaríase para toda a Universidade.

| 1º SERVIZO/UNIDADE/ CENTRO | 2º CENTRO DIRECTIVO | |
|---|---|---|
| | X | CONSELLO SOCIAL |
| | X | REITORÍA |
| X | | Unidade de Comunicación e Medios Audiovisuais |
| X | | Unidade de Medios Audiovisuais |
| X | | Servizo de Informática e Comunicacións |
| | X | SECRETARÍA XERAL |
| X | | Oficina de Apoio |
| X | | Asesoría Xurídica |
| X | | Servizo de Normalización Lingüística |




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 15/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 15 de un total de 24 página(s).

| | | |
|---|---|---|
| X | | Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo |
| X | | Oficina de Protocolo |
| | X | XERENCIA |
| X | | Contabilidade Analítica |
| X | | Servizo de Xestión Financeira |
| X | | Servizo de Control Interno |
| X | | Servizo de Contratación Administrativa |
| X | | Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social |
| X | | Servizo de Persoal de Administración e Servizos |
| X | | Servizo de Prevención de Riscos Laborais |
| X | | Servizo de Distribución e Transporte |
| X | | Unidade de Atención Telefónica |
| X | | Conserxería da Reitoría. A Maestranza, Riazor e Aula Náutica |
| X | | Conserxería centros non docentes Elviña-Zapateira |
| X | | Equipo de Xestión da Investigación (EXI) |
| X | | Servizo de Investigación |
| X | | Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación |
| | X | VICERREITORÍA DE POLÍTICA CIENTÍFICA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA |
| X | | Servizos de Apoio á Investigación |
| X | | Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñería Civil - CITEEC |
| X | | Centro de Investigacións Científicas Avanzadas - CICA |
| X | | Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións - CITIC |




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 16/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 16 de un total de 24 página(s).

| | | |
|---|---|---|
| | | Biblioteca Universitaria |
| X | | Servizo de Biblioteca Universitaria |
| X | | Biblioteca Central Ferrol (Patín) |
| X | | Biblioteca Central Ferrol (Enxeñaría) |
| X | | Centro de Investigacións Tecnolóxicas - CIT |
| | X | VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE |
| X | | Servizo de Organización Académica |
| X | | Unidade de Estudos Propios de Posgrao |
| X | | Oficina de Doutoramento da EIDUDC |
| X | | Universidade Sénior |
| X | | Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa |
| X | | Unidade Técnica de Calidade |
| | X | VICERREITORÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA |
| | X | VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE |
| | | Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos |
| X | | Obras e Mantemento |
| X | | Enerxía |
| X | | Equipamentos e Servizos |
| | X | VICERREITORÍA DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE |
| X | | Servizo de Persoal Docente e Investigador |
| | X | VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EMPREGABILIDADE |
| X | | Servizo de Estudantes |




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 17/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 17 de un total de 24 página(s).

| | | |
|---|---|---|
| | X | VICERREITORÍA DE IGUALDADE, CULTURA E DEPORTES |
| X | | Servizo de Publicacións |
| X | | Sección de Extensión Universitaria |
| X | | Área de Cultura |
| | X | VICERREITORÍA DE INTERNACIONALIZACIÓN E COOPERACIÓN |
| X | | Oficina de Relacións Internacionais |
| X | | Oficina de Cooperación e Voluntariado |
| | X | VICERREITORÍA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL |
| X | | Unidade Administrativa de Ferrol |
| X | | Unidade de Atención Telefónica |
| X | | Administración |
| | | Unidade de Xestión Académica Integrada de Ferrol (UXAI - Ferrol) |
| | | Unidade de Xestión Económica Integrada de Ferrol (UXEI - Ferrol) |
| | | Equipo de Xestión da Investigación (EXI) |
| | | Áreas técnicas campus de Ferrol |
| X | | Servizo de Normalización Lingüística |
| X | | Área de Cultura |
| X | | Área de Deportes |
| X | | Oficina de Relacións Internacionais |
| X | | Oficina de Cooperación e Voluntariado |
| X | | Conserxería |
| | X | VALEDOR/A UNIVERSITARIO/A |




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 18/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 18 de un total de 24 página(s).

| | | |
|---|---|---|
| | X | ETS DE ARQUITECTURA |
| | | Dirección |
| X | | Administración |
| X | | Biblioteca |
| X | | Conserxería |
| X | | Laboratorios |
| | X | ETS DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS |
| | | Dirección |
| X | | Administración |
| X | | Biblioteca |
| X | | Conserxería |
| X | | Laboratorios |
| | X | ETS DE NÁUTICA E MÁQUINAS |
| | | Dirección |
| X | | Administración |
| X | | Biblioteca |
| X | | Conserxería |
| | X | EU DE ARQUITECTURA TÉCNICA |
| | | Dirección |
| X | | Administración |
| X | | Biblioteca |
| X | | Conserxería |




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 19/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 19 de un total de 24 página(s).

| | | |
|---|---|---|
| X | | Laboratorios |
| | X | EU DE DESEÑO INDUSTRIAL |
| | | Dirección |
| X | | Taller |
| | X | ESCOLA POLITÉCNICA DE ENXEÑARÍA DE FERROL |
| | | Dirección |
| X | | Laboratorios |
| | X | FACULTADE DE CIENCIAS |
| | | Dirección |
| X | | Administración |
| X | | Biblioteca |
| X | | Conserxería |
| X | | Laboratorios |
| | X | FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN |
| | | Dirección |
| | X | FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN |
| | | Dirección |
| X | | Administración |
| X | | Biblioteca |
| X | | Conserxería |
| | X | FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE |
| | | Dirección |




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 20/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 20 de un total de 24 página(s).

| | | |
|---|---|---|
| X | | Biblioteca |
| | X | FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E DA EDUCACIÓN FÍSICA |
| | | Dirección |
| X | | Administración |
| X | | Biblioteca |
| X | | Conserxería |
| X | | Piscina |
| | X | FACULTADE DE CIENCIAS DO TRABALLO |
| | | Dirección |
| | X | FACULTADE DE DEREITO |
| | | Dirección |
| X | | Administración |
| X | | Biblioteca |
| X | | Conserxería |
| | X | FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA |
| | | Dirección |
| X | | Administración |
| X | | Biblioteca |
| X | | Conserxería |
| | X | FACULTADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA |
| | | Dirección |
| X | | Clínica Universitaria de Podoloxía |




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 21/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 21 de 24 página(s).

| | | |
|---|---|---|
| | X | FACULTADE DE FILOLOXÍA |
| | | Dirección |
| X | | Biblioteca |
| X | | Conserxería |
| | | Unidade de Xestión Académica Integrada (UXAI Fac. Filoloxía/Fac. de Turismo) |
| X | | Administración |
| | X | FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN |
| | | Dirección |
| | X | FACULTADE DE INFORMÁTICA |
| | | Dirección |
| X | | Administración |
| X | | Biblioteca |
| X | | Conserxería |
| | X | FACULTADE DE FISIOTERAPIA |
| | | Dirección |
| | X | FACULTADE DE SOCIOLOXÍA |
| | | Dirección |
| X | | Biblioteca |
| | | Unidade de Xestión Académica Integrada de Oza (UXAI - OZA) |
| X | | Administración |
| X | | Conserxería |
| | | Unidade de Xestión Académica Integrada (UXAI Fac. Socioloxía/Fac. CC. da Comunicación) |




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 22/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 22 de un total de 24 página(s).

| | | |
|---|---|---|
| X | | Administración |
| X | | Conserxería |
| X | | Laboratorios |
| | | Instituto Universitario de Estudos Europeos |
| X | | Secretaría |
| X | | Centro de Documentación Europea |
| | | Instituto Universitario de Medio Ambiente |
| X | | Secretaría |
| X | | Laboratorios |
| | | Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal |
| X | | Secretaría |
| | | Instituto Universitario de Estudos Marítimos |
| X | | Secretaría |
| | | Instituto Universitario de Estudos Irlandeses "Amergin" |
| X | | Secretaría |



| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 23/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 23 de un total de 24 página(s).

*Envíese a:*

- *Equipo de Goberno*
- *Vicexerencias*
- *Servizo de PAS*
- *Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social*
- *Decanos/as e directores/as de centros e institutos*
- *Persoal de administración e servizos*
- *Xefes/as de servizo*
- *Xunta de Persoal*




| Código Seguro De Verificación | 8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López | Asinado | 09/12/2022 14:13:27 |
| Observacións | | Páxina | 24/24 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/8kkl/KJP8N5VRKU21efkoQ== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 3Q68CDKLJ2DEC7H2AAMO6ELS
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 09/12/2022 14:45:58 Página 24 de un total de 24 página(s).